

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

KDA

REGULAMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 24 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, establece que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios se establecerán polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao “grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos”, tal e como se establece no apartado c) do mesmo.

Pola súa parte a Disposición Transitoria Décima da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia determina que entremetres non se resolva regulamentariamente o procedemento de avaliación do desempeño o complemento retributivo de desempeño previsto nesa Lei substituírse por un complemento de produtividade que retribuirá o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeña o seu traballo, así como que a asignación deste complemento se realizará conforme a criterios obxectivos establecidos regulamentariamente.

Por outro lado, o Real Decreto 861/1986 polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local se refire a este complemento de produtividade no seu artigo 5º para sinalar, ademais de que retribuirá os factores antes sinalados, que a súa apreciación deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados a este, e que en ningún caso as súas contías durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En moitas ocasións os empregados públicos non só cumpren coas funcións asignadas ao seu orrespondente posto e coas obrigacións que lles incumben no exercicio do seu traballo, senón que, ademais, mostran unha especial implicación e unha actividade que vai mais alá do normalmente esixible, en cantidade e calidade, contribuíndo á mellora da eficiencia e eficacia dos servizos públicos que prestan as Administracións Públicas e en especial a local, tan próxima ao cidadán. Por iso, como factor impulsor da motivación do empregado público e do obxectivo de mellora permanente da actuación pública, o lexislador preveu a posibilidade de instaurar un complemento retributivo ligado ao desempeño do posto de traballo.

Mediante o presente Regulamento régúlase a concesión e percepción do complemento de produtividade do persoal do Concello de Culleredo e por iso a valoración do especial

1 de 10

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa coa que os funcionarios deste Concello desempeñan as súas funcións, no marco establecido pola normativa sobre función pública e segundo as previsións que o orzamento municipal dispoña sobre este concepto, para incentivar unha maior e mellor calidade na prestación do servizo e motivar a aqueles empregados públicos cuxa actitude no desempeño do seu traballo sexa mais favorable e de maior implicación.

Artigo 1.- O complemento de produtividade que se está a regular está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria o interese ou a iniciativa do persoal ao servizo do Concello de Culleredo. Concíbese como un elemento retributivo motivador e de incentivo do persoal cuxa actitude e esforzo no desempeño do seu posto de traballo vai mais alá do esixible.

A asignación do complemento de produtividade responderá aos principios de transparencia, imparcialidade, obxectividade e non discriminación.

En ningún caso a percepción deste complemento implicará dereito ningún ao seu mantemento.

Artigo 2.- O presente Regulamento será de aplicación ao persoal do Concello de Culleredo que ostente a condición de funcionario de carreira así como tamén ao funcionario interino que ocupe praza do cadro de persoal ou que fose nomeado para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada, así como aos contratados laborais fixos ou contratados laborais temporais que ocupen praza do cadro de persoal interinamente ou que o sexan por obra ou servizo determinado.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste Regulamento os empregados públicos adscritos a programas de formación e emprego subvencionados por outras Administracións Públicas ou derivados de convenios específicos con estas, así como os funcionarios interinos por acumulación de tarefas ou contratados laborais temporais por esta mesma causa e o persoal eventual.

Artigo 3.- A asignación do complemento de produtividade esixe necesariamente a presenza no posto de traballo (xa sexa na modalidade presencial como presencial-teletraballo), pois non doutro xeito se poderá verificar o esforzo persoal e o especial desempeño deste, supoñendo, pois, a ausencia do traballo a ausencia de avaliación e por tanto a ausencia de aboamento do complemento de produtividade na parte proporcional ao período no que se tivera producido a ausencia.

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

Este complemento se prorrateará nos casos en que non se realice a xornada laboral completa, detraéndose a parte proporcional correspondente da xornada non realizada por calquera causa, incluíndo as ausencias por incapacidade temporal (excepto en determinadas situacións de redución de xornada ou de incapacidade temporal por embarazo) por enfermidade común ou por accidente ou enfermidade laboral, ou por enfermidade sen baixa médica, vacacións e días de permisos permisos retribuídos relacionados no artigo 48 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, ou norma que o substitúa ou desenvolva.

A detracción da parte proporcional do complemento de produtividade por xornada non realizada realizarase en cómputo mensual tomando 22 días hábiles de traballo mensuais, independentemente do mes de que se trate, ou no seu caso a fracción-hora correspondente ao horario de traballo.

Artigo 4.- Do complemento de produtividade e os seus conceptos

Para a correcta aplicación deste complemento definíronse os seguintes conceptos:

- Actividade que se realiza máis aló da meramente esixible: Conxunto de operacións ou tarefas asignadas a un/unha traballador/a que exceden do que ordinariamente pode ou debe esixirse.
- Rendemento especial: A obtención, polo/a empregado/a público, dun resultado maior do esperado, con proporción entre dito resultado obtido e os medios empregados para a súa consecución.
- Actividade extraordinaria: Aquelas operacións ou tarefas asignadas a unha persoa fora da orde natural ou común. .
- Interese: Proveito, utilidade, posto de manifesto no desempeño.
- Iniciativa: Cualidade persoal que inclina á acción de adiantarse aos demais.
- Esfuerzo: Emprego enérxico do vigor ou actividade do ánimo para conseguir algo vencendo dificultades.
- Resultados obtidos: Efecto ou consecuencia dos feitos.
- Particular celo do empregado público: Coidado, dilixencia, esmero que o empregado/a pon en facer algo.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

Artigo 5.- Os criterios ordinarios para a valoración do rendemento e desempeño do posto de traballo que determinarán a asignación do complemento de produtividade e a súa ponderación son os seguintes:

1. Especial rendemento/iniciativa (60%). Neste apartado valoraranse a eficacia e eficiencia por parte do empregado/a público no desenvolvemento das funcións propias do posto, a calidade, celeridade e bo resultado no desempeño das tarefas, así como o interese e grao de entrega no cumprimento do obxectivo proposto.

En concreto valoraranse neste apartado:

- a) Nivel de calidade do traballo realizado por encima do esixible (15%)
- b) Cantidade do traballo realizado por encima do esixible. (15%)
- c) A capacidade de planificar e organizar o traballo.(15%)
- d) A capacidade para resolver problemas e de actuar con autonomía.(15%)

2. Actividade extraordinaria (40%). En concreto valorarase o esforzo extraordinario realizado polo empregado/a público, posto demanifiesto nos seguintes ítems:

- A actitude positiva de colaboración cos membros da súa área/ servizo, así como con outras áreas/ servizos (15%).
- A flexibilidade, adaptación e dispoñibilidade do empregado/a na asunción de novas tarefas ou traballo extraordinario. (15%)
- A dispoñibilidade ou resposta positiva do empregado/a ás variacións durante a actividade ordinaria. (10%)

O Pleno da corporación determinará a cantidade correspondente ao complemento de produtividade, dentro dos límites establecidos no orzamento municipal, en función do cal se determinará un “valor máximo” anual por traballador/a e se destinará un 5% ao complemento de produtividade regulado no artigo 8 deste regulamento. Esta cantidade se actualizará anualmente tendo como referencia o que se estableza poas correspondentes Leis d Presupostos do Estado sobre as retribucións dos empregados do sector público.

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

O importe correspondente a aqueles empregados/as que non cumpran cos criterios definidos no presente regulamento, distribuirase proporcionalmente entre os empregados/as que si cumpran.

Para os efectos de consideración do complemento de produtividade, terase en conta a inexistencia, durante o exercicio, de sancións administrativas por faltas disciplinarias, graves ou moi graves imputables ao empregado público, circunstancia esta que será comprobable mediante Informe do Servizo de Recursos Humanos. No caso de que, á vista referido Informe, se constate a imposición ao empregado/a de sanción disciplinaria por falta leve, grave ou moi grave, non será retribuído por este complemento durante o semestre correspondente. Para estes efectos, se terá en conta a data da resolución administrativa pola que se impoña a correspondente sanción.

Artigo 6. Valoración do complemento

C.I.F. P-1503100-H

Partirase do principio legal de que se retribuirá ao empregado/a en función de criterios ou circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo.

As/os Xefas/é de área/servizo remitirán ao servizo de persoal os informes oportunos en relación ao cumprimento polos empregados/as públicos da súa área/servizo dos obxectivos establecidos no presente regulamento para a cuantificación do complemento de produtividade conforme ao modelo do anexo I, interesando que se cualifique expresamente no mesmo os subcriterios establecidos neste regulamento, sendo as cualificacións posibles a indicar as seguintes:

- “Cumpre”, que implica que o empregado/a cumpre co subcriterio establecido.
- “Non cumpre”, que implica que o empregado/a non cumpriu co estipulado no subcriterio.

Ao obxecto de velar pola máxima obxectividade na aplicación dos criterios acordados, os informes deben motivarse.

A cada un dos subcriterios corresponderalle unha porcentaxe do importe semestral do complemento de produtividade. A cualificación de “cumpre” implicará a asignación da porcentaxe indicada para o subcriterio na produtividade semestral.

A cualificación de “non cumpre” implicará que se detraia do complemento de produtividade semestral a porcentaxe indicada para cada subcriterio.

O importe resultante se reducirá proporcionalmente nos supostos recollidos no presente Regulamento.

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

No suposto de non existir Xefa/e de área ou servizo, o informe será realizado pola Concellería delegada correspondente, e no seu defecto pola Alcaldía.

O informe en relación ao cumprimento dos criterios do complemento de produtividade dos funcionarios/as con habilitación de carácter nacional e dos xefes/as de área/servizo será realizado pola Concellería delegada correspondente e no seu defecto pola Alcaldía.

Constituirase un “Órgano Avaliador” colexiado formado por tres representantes da administración entre os que se atopará o/a Concelleira/a delegado/a da área de persoal, e un representante de cada sindicato, en cuxas sesións se conformará e determinará a proposta da contía para percibir por cada empregado público, en aplicación do presente regulamento, previa avaliación individualizada .

Os resultados das avaliacións serán notificadas ás/os interesadas/os, os cales disporán de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da comunicación para efectuar as alegacións que consideren procedentes respecto a a valoración efectuada polo órgano avaliador.

Unha vez resoltas as alegacións, a proposta definitiva será elevada ao órgano competente que resolverá sobre a asignación individual do complemento de produtividade á vista das valoracións realizadas polo Órgano Avaliador.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 7. Devengo e abono

O complemento de produtividade avaliarase semestralmente.

O abono do complemento de produtividade se levará a efecto, con carácter xeral, na nómina correspondente ao mes seguinte en que venza o período avaliado.

Artigo 8.- Outros criterios de asignación do complemento de produtividade:

Nestes casos o importe do complemento non se computa dentro do valor máximo por traballador.

Por tarefas de posto superior.

Os empregados/as públicos municipais que realicen substitucións de persoal que exerza funcións de superior categoría percibirán como complemento de produtividade a diferenza

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

entre os complementos de destino e específico do posto que ocupan e os do posto substituído sempre que no estean sendo retribuídos por estas tarefas doutro xeito.

Nestes casos o aboamento será mensual.

Disposición Adicional primeira.

Nos Anexos do presente Regulamento recóllense os modelos de fichas cualificadoras dos criterios de valoración. Tanto estas fichas como o importe semestral do complemento de produtividade non teñen carácter regulamentario polo que o seu contido ou importe poderá ser modificado polo órgano municipal competente sen que iso implique a tramitación de procedemento para a modificación do presente Regulamento.

Disposición adicional segunda.

Para o complemento de produtividade se destinará anualmente o 100% da cantidade que para este concepto establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

C.I.F. P-1503100-H

Disposición Transitoria primeira.

Recoñécense efectos ás normas contidas no presente Regulamento dende o 1 de xaneiro de 2022 ata a súa data de entrada en vigor.

Disposición Final.

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, a cal será realizada unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I. FICHA CUALIFICADORA

Asignación semestral do complemento de produtividade

Semestre	
Empregada/o Pública/o	
Área ou servizo	
Posto de traballo	

C.I.F. P-1503100-H

CRITERIO: ESPECIAL RENDEMENTO /INICIATIVA (60%)			
SUBCRITERIOS	Cumpre *	Non cumpre *	% complemento de produtividade (apartado a cumplimentar polo órganoo avaliador)
Nivel de calidade do traballo realizado por encima do esixible (15%)			
INFORME XUSTIFICATIVO:			
Cantidade do traballo realizado por encima do esixible. (15%)			
INFORME XUSTIFICATIVO:			
A capacidade de planificar e organizar o traballo (15%)			

Código do documento UPO15I0228	Código do expediente UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)  195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

INFORME XUSTIFICATIVO:		
A capacidade para resolver problemas e de actuar con autonomía (15%)		
INFORME XUSTIFICATIVO:		

C.I.F. P-1503100-H

* Marcar cun X o que proceda.

CRITERIO: ATIVIDADE EXTRAORDINARIA (40 %)			
SUBCRITERIOS	Cumpre *	Non cumple *	% complemento de produtividade (apartado a cumprimentar polo órgano avaliador)
A actitude positiva de colaboración cos membros da súa área/servizo, así como con outras áreas/servizos (15%).			
INFORME XUSTIFICATIVO:			

Código do documento	Código do expediente
UPO15I0228	UPO/2021/66
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 195X 1N3K 0S5C 4P5E 00CZ	

C.I.F. P-1503100-H

A flexibilidade, adaptación e dispoñibilidade do empregado na asunción de novas tarefas ou traballo extraordinario (15%)			
INFORME XUSTIFICATIVO:			
A dispoñibilidade ou resposta positiva do empregado ás variacións da actividade ordinaria (10%).			
INFORME XUSTIFICATIVO:			

* Marcar cun X o que proceda.

A/O Xefa/e da área/servizo

Visto e praxe

O Alcalde ou a/o Concelleira/o competente